



Concello de Vigo

Contratación

CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Vías e Obras. Nº expediente 4486-440
2. **Obxecto do contrato:** a execución das obras do proxecto "Humanización da rúa García Lorca".
Lugar de execución: Vigo
Prazo de execución: 8 meses. Prórroga: Non procede.
3. **Tramitación e procedemento.**
Tramitación: Ordinaria.
Procedemento: Aberto.
4. **Orzamento base:** 1.206.549,77 euros **IVE a soportar pola administración:** 253.375,45 euros.- **Orzamento total:** 1.459.925,22 euros
5. **Garantías esixidas. a)Provisional:** non se esixe. **b)Definitiva:** sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). **c)Complementaria:** si, por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente.
6. **Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.
Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
7. **Requisitos específicos do contratista: a)Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira:** Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría 4
b)Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado e, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría 4
8. **Presentación de Ofertas:** Prazo: rematará ós 26 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG..





Concello de Vigo

Contratación

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. **Apertura Ofertas técnica e económica:** entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. **Outras informacións:**

11. **Páxina web para obtención de información:** www.vigo.org

BBR/la

Vigo, 05 de xullo de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,
P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 11/07/2017 10:46

Páxina 2 de 2

Expediente 4486/440

Código de verificación: 23EC4-34CA2-D45DD-54C2C

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>